

CERCA DE TU CASA

[Eduard Cortés, 2016]

146

ESTREA EN NUMAX: 02.09.2016 | V.O. | TODOS OS PÚBLICOS

FICHA TÉCNICA

Cerca de tu casa (2016, 93')

Dirección: Eduard Cortés

Guión: Eduard Cortés, Piti Español

Reparto: Sílvia Pérez Cruz, Oriol Vila, Lluís Homar, Adriana Ozores, Ivan Massagué, Iván Benet, Manuel Morón

Montaxe: Koldo Idígoras

Dirección de arte: Carlos Grané, Guille F. Santana

Vestuario: Myriam Ibáñez

Son: Xavier Mas, Marc Orts

Música: Sílvia Pérez Cruz

Fotografía: David Omedes

Produtora: Bausan Films, Televisió de Catalunya, Televisión Española (España)

Distribuidora: A Contracorriente filmes

Formato de proxección: DCP 2K

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

The Pelayos, 2012

¡Atraco!, 2012

Ingrid, 2009

Otros días vendrán, 2005

Mónica, 2003

La vida con nadie, 2002

FESTIVALS

Málaga 2016 (mellor música)

SINOPSE

Outono 2007. Sonia, unha moza de trinta anos que tras perder o seu traballo non pode facer fonte ao pago da hipoteca. O empregado da oficina bancaria que se enfrenta ao drama de deixar sen casa aos seus veciños de toda a vida. Un policía que vive atormentado porque debe sacar a familias enteiros dos seus pisos e deixalas na rúa... Son algunhas das situacións que se suceden nesta historia de loita, solidariedade e esperanza.

«Un filme nada convencional e valente, un musical sobre os desafuzamentos.»

Olga Pereda. EL PERIÓDICO



“Agora a xente precisa a mensaxe, a necesidade de himno”

Entrevista a **Silvia Pérez Cruz**

Por Ángel L. Fernández Recuero,
Inma Garrido e Jenn Díaz

O teu disco *Domus* é a banda sonora de *Cerca de tu casa*?

Parte. É a banda sonora, desde logo, pero logo fíxose un tratamento de disco. Non é coller música, montar o CD e xa está. Estiven tres meses máis. Gravei as voces que foran gravadas en directo. No filme insistín moito en facelo en directo porque senón perdía moita forza. Mais no disco non tiña sentido que non tivese calidade de son, e volvíno gravar. Son funcionalidades moi distintas. Un disco escóitase en soidade e en moitos sitios distintos, ten unha vida moito máis libre. En cambio, unha banda sonora óela cunhas imaxes que te van guiando.

Por que primeiro sae o disco e despois o filme? Pensaches que fora ao revés ou que saíran ao tempo?

Si. Por unha parte, a nivel práctico: no cinema van moi lentos e nunca sabía cando saíría o filme e eu xa decidira que era o meu seguinte disco. Teño todo un equipo que traballa comigo, son responsábel da vida doutras persoas e unhas enerxías que son dun momento concreto e que axudan a poder aguantar o cansazo que conleva unha presentación. Ten sentido nun momento. Tamén, por outra parte, pensaba que ao saír o filme falaría moito de que supuxo para min actuar, e dábame moita pena que se perdese a outra parte.

Non interpretaches nunca, non fuches actriz, non fixeches nunca unha banda sonora e o teu tipo de música tampouco é o que máis conecta coa protesta. Non es o primeiro nome que se che vén á cabeza.

Non o pensara. Eduard díxome e el tiña moi claro que era eu o personaxe. El quería que a actriz fose unha cantante con personalidade musical. Iso enténdoo, si, personalidade si que teño. Aos que me coñecen coido que non lles estrañaría que poida facer isto. Porque é un tema que toca a política pero, se non, cadra perfectamente comigo. Agora a xente precisa a mensaxe, a necesidade de himno.

Pero se din «canción protesta» ninguén pensa en Silvia Pérez Cruz.

As palabras despistan. A min dinme: «Queremos facer un filme sobre os desafuzamentos usando a música para explicalo». Eu penso: «Desafuzamentos... Hostia, que putada que te boten da túa casa, e que lle pase a tanta xente». É un problema. «Que lle pasa a esa xente?» Eu esquezome da política. Os desafuzamentos non son de ninguén. Teño moita empatía e pónome no papel desa xente. E é o meu mundo musical e imaxinario. Expreso coas miñas cores os mesmos sentimentos que os roqueiros. Enfádome, estou contenta, namórome. Todos sentimos o mesmo pero temos cores diferentes.

Eduard non quería un musical. Tamén insistín en que non fosen actores de musical, senón que fosen actores aos que lles apetecese cantar, pero traballar desde a fragilidade e a verdade, buscar ese punto de «non todo se atura». E el en canto a sonoridade buscaba algo especial que o sorprendese un pouco. Traballei mesturando arte sempre, desde a escola da miña nai (tocaba o saxo mentres pintaban os nenos) até fotógrafos, danza, teatro... O único que é raro para min é o de actuar. Dixen que si porque era o que fixera sempre, que é traballar en equipo, con artistas que traballan con disciplinas distintas pero para contar o mesmo. Case ninguén quería ao meu redor que fixese o filme. Era moi arriscado. Pero para min era unha oportunidade para contar unha historia tanto a nivel artístico coma social, sumando diferentes disciplinas artísticas para contar unha mesma historia. Pensaba: «Que ben poder achegar algo social con arte dunha maneira tan concreta —e non só cos meus valores—, dunha maneira máis poética, máis abstracta».

Publicada en www.jotdown.es/
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

¡Sí se puede!, Ada Colau & Adrià Alemany.
Autral, 2014

*Paisajes devastados, Observatorio
Metropolitano*. Traficante de sueños, 2009

Contra el expolio de nuestras vidas, Karl Marx
& Daniel Bensaïd. Errata Naturae, 2015

Blancanieves, Pablo Berger.
Cameo [BluRay + DVD + Libro]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org